

PROGRAMA LEADER: PROXECTOS FINANCIADOS

Nave para ampliación de empresa de construcción (Melide)

Construcción de nave industrial para a ampliación da actividade da empresa melidá Construcciones M. Espiño SL. Esta empresa, cunha longa traxectoria empresarial e unha ampla experiencia en obra tanto pública como privada, pon en marcha con este proxecto a súa propia sede no polígono industrial da Madanela. No edificio, no que se implementarán medidas de eficiencia enerxética e de reutilización de augas, funcionará como sede do seu persoal, da súa actividade administrativa, así como de posta a punto e almacenaxe de maquinaria e equipamento.

E. Promotora: Construcciones M. Espiño SL


Investimento aceptado: 390.508,01 €

Axuda: 86.302,27 € (22,10%)

Creación de un emprego

Xustificado no 2020: 70%

Ten pendente o 30% restante cunha prórroga ata marzo do 2021



Adquisición de retrocargadora (Toques)


O proxecto inclúe como investimento a adquisición dunha retrocargadora. Con este equipo, o promotor, José Luís García Porto, poderá prestar un novo servizo que ata agora se vía obrigado a subcontratar por carecer da maquinaria, a extracción de áridos. O investimento supónlle, polo tanto, unha minoración nos custes de prestación do servizo e un incremento na rendibilidade económica da actividade que realiza desde fai máis de vinte anos, a consolidación de terreos. Aínda que a execución do 2019 se xustificou con base nun anticipo, no momento de redacción desta memoria de actividades o promotor xa adquiriu o equipo e xustificou o 100% do investimento.

Promotor: José Luís García Porto

Investimento executado: 80.000,00€

Axuda: 18.248,00 € (22,81%)

Executado nun 100% en 2020.



Rehabilitación de edificación para pensión rural e cafetería en Medín (O Pino)

Iniciativa na que se rehabilitan os anexos dunha casa vella e abandonada para crear unha pequena pensión e un restaurante-cafetería ó pé do Camiño Norte, no lugar de Couto Pequeno, en O Pino.

En total crearanse dez prazas de aloxamento en cinco habitacións dobres. O establecemento ofrecerá tamén almozos e ceas para as persoas aloxadas e servizo de bar. Ademais, segundo se establece no anexo III o negocio contará cun espazo de exposición e venda dos produtos agroalimentarios do territorio e de produtos ecolóxicos. Este proxecto está promovido por Lucía García e a súa parella, o seu obxectivo é emprender unha actividade económica aproveitando o recurso do Camiño de Santiago. Exclúese do orzamento subvencionable a parte correspondente ó bar/cafetería, en virtude da estratexia do GDR.


E. Promotora: DGranxa Servizos Técnicos SL

Investimento aceptado: 401.305,88€ (77,75% do total)

Axuda: 142.824,76€ (35,59%)

Creación dun emprego

Executado un 70% no 2020



Ampliación da área recreativa O Liño (Santiso)




Trátase dun proxecto promovido polo Concello de Santiso destinado á mellora da área recreativa do Liño, no río Ulla, ó seu paso por Santiso. A mellora contempla a ampliación da superficie útil da área recreativa coa adquisición dunha parcela anexa á mesma, así como a súa humanización e adecuación a novos usos como un parque infantil, unha zona deportiva e unha área de autocaravanas. Ademais, dotarase de máis espazo útil para a festa do río, tanto para a festa en si como para o aparcamento de vehículos.

E. Promotora: Concello de Santiso

Investimento executado: 106.837,19 €

Axuda: 83.204,80 € (77,88%)

Xustificado nun 100% no 2020



Optimización de instalacións da residencia e centro de día de Boimorto (Boimorto)


Iniciativa de carácter non produtivo, promovida polo Concello de Boimorto, para mellorar a eficiencia enerxética do edificio destinado a residencia de persoas maiores e centro de día do concello. Coa posta en marcha dos investimentos recollidos redúcese de forma importante o gasto enerxético relativo á calefacción das instalacións, un dos maiores custes que soportan. Para conseguir este aforro no consumo de enerxía recórrase á instalación de enerxías renovables, xerando, polo tanto, unha mellora tamén ambiental e proporcionando, por último, ás persoas maiores usuarias destas instalacións unha fonte de enerxía limpa, eficiente e efectiva, mellorando as súas condicións de benestar e confort.

E. Promotora: Concello de Boimorto

Investimento aceptado: 114.226,68€

Axuda: 102.804,01€ (90,00%)

Ten pendente o 69% da execución cunha prórroga ata marzo do 2021



Ampliación de campamento de turismo (Touro)



Instalación e explotación de tres cabanas de madeira para aloxamento, nun campamento de turismo de luxo en Touro preto do río Ulla. O campamento vai contar cun espazo de comercialización de produtos agroalimentarios locais e ecolóxicos no edificio que existe de servizos xerais (recepción, baños, cafetería). Actualmente o campamento ten en funcionamento oito parcelas para tendas de campaña (con auga, electricidade, etc.) e un espazo para autocaravanas, O enclave natural inigualable: unha finca de catro hectáreas de carballos, bidueiros, frondosas, piñeiros, etc.,

E. Promotora: Fontes de Mane SL


Investimento executado: 82.025,00€

Axuda: 28.027,94 (34,17%)

Creación de 0.5 empregos

Executado nun 100% no 2020

Premio Agader 2021 ás Iniciativas de Desenvolvemento Rural na categoría de “mocidade”



Aprendo xogando (Touro)


Posta en marcha dun novo espazo de xogo para os máis cativos do concello de Touro, promovido polo Concello, co obxectivo de fomentar a súa socialización. Este espazo dotarase dunha área lúdica con material interactivo e educativo xa sexa para o xogo libre ou tutorizado. A área lúdica localízase nunha zona na que xa existía un pequeno parque (randeireira e tobogán) xa non funcionais, que se ve substituído por un conxunto de xogos educativos que amplía e mellora a oferta lúdica ó tempo que mellora as condicións de seguridade e confort dos usuarios e usuarias de acordo ás esixencias actuais.

E. Promotora: Concello de Touro

Investimento executado: 33.556,31 €

Axuda: 25.583,33 € (76,24%)

Executado dun 100% no 2020



Creación de servizo de carpintería (Toques)

Posta en marcha dunha actividade de carpintería para dar servizo a obras e locais con pequenas reformas, traballos especializados, obras novas, etc; a cargo de Abel Vázquez, o promotor, un rapaz de 35 anos con preto de quince anos de experiencia profesional, o cal, con este proxecto, se converte en empresario emprendedor. Préstase servizo a domicilio, polo que os investimentos recollidos son: unha furgoneta e maquinaria portátil para facer os traballos na mesma obra ou local onde se soliciten.


Promotor: Abel Vázquez Zas

Investimento executado: 20.842,96 €

Axuda: 6.826,07 € (32,75%)

Creación dun emprego

Executado dun 100% no 2020



Investimento en empacadora de big bales, encaixadora e equipamento de tratamento de augas (O Pino)




Adquisición de equipamento de alta capacidade industrial para a mellora de produción e comercialización de abonos da empresa Costiña Orgánica SL. A empacadora de big bales e a encaixadora automática permitiránlle a esta empresa unha maior capacidade de produción e venda do produto, e o equipamento adquirido para o tratamento das augas garantirá unha maior medida a sostibilidade do proceso produtivo. Con este investimento a empresa pode afrontar o proxecto de crecemento empresarial que está planificando desde fai tempo. A porcentaxe de axuda que lle corresponde é un 34,17%, non obstante, a axuda efectiva redúcese a 200.000,00 € por ser o límite máximo segundo a normativa.

E. Promotora: Costiña Orgánica SL

Investimento aceptado: 601.253,00 €

Axuda: 200.000,00 € (34,17%)

Executado dun 20% no 2020 e solicitado un anticipo do 40% mediante aval bancario



Transporte adaptado para persoas con discapacidade (Arzúa)




Adquisición dun novo elemento de transporte adaptado para persoas con mobilidade reducida, por parte da Asociación Amarai, para dar servizo ás persoas usuarias do seu Centro de Recursos O Campelo, localizado en Boimorto. Neste centro, o persoal de Amarai atende a máis de vinte usuarios das comarcas de Arzúa e Melide, ofrecendo actividades de benestar e terapias ocupacionais destinadas a mellorar a súa independencia persoal e a súa calidade de vida, así como a das súas familias. Este proxecto non produtivo, de prioridade alta para o baremo do GDR, obtivo unha porcentaxe de axuda do 72,14%, reducido a un 49,72% pola concesión dunha axuda compatible para o mesmo proxecto, de outra Administración.

E. Promotora: Asociación Amarai

Investimento executado: 31.173,12 €

Axuda: 15.500,65 € (49,72%)

Executado dun 100% no 2020



Ocio e tempo libre (Boimorto)



Posta en marcha dunha nova empresa de ocio e tempo libre en Boimorto, da man do promotor do proxecto para o cal esta iniciativa supón o seu comezo no mundo do emprendemento e o seu posto de traballo en réxime de autoemprego. A actividade desenvólvese principalmente nunha finca familiar de Boimorto, se ben é posible, prestar o servizo a domicilio. Está baseada en distintas actividades de ocio dirixido a colectivos infantís e xuvenís: obradoiros de elaboración de pan, artigos de coiro, coñecemento da natureza, actividades deportivas, etc. e outras como o tiro con arco, lasertag, ou circuitos de xogos pensada para todo tipo de público. O equipamento para este tipo de actividades é o que se inclúe como investimento subvencionable.


Promotor: Iago Seoane Vilas

Investimento executado: 12.492,69 €

Axuda: 4.312,48 € (35,95%)

Creación dun emprego

Executado dun 100% no 2020



Desenvolvemento de aplicación para dispositivos móbiles (Touro)

Deseño e posta en marcha dunha nova aplicación móbil municipal que ten como contido principal a información turística do Concello de Touro. O obxectivo da aplicación é dar a coñecer os atractivos turísticos de Touro a visitantes e peregrinos, achegándolles virtualmente os recursos e patrimonio locais. O Concello de Touro leva anos desenvolvendo unha estratexia orientada ó turismo con continuas melloras nos recursos e ampliación de servizos turísticos: rutas de sendeirismo homologadas, dotación de infraestruturas como o centro de interpretación do Ulla ou a área de autocaravanas, Ruta do Holandés e do Eurovelo, promoción do Entroido tradicional do Ulla, etc.


E. Promotora: Concello de Touro

Investimento executado: 17.508,19 €

Axuda: 12.917,54 € (73,78 %)

Executado dun 100% no 2020

TOURO turismo
Touro é camiño



Portal do cidadán de Melide e APP (Melide)



O CONCELLO

ÁREAS

XESTIÓNS

ACTUALIDADE

DIRECTORIO




Posta en marcha do portal do cidadán do Concello de Melide. Esta ferramenta permite á poboación local implementar a xestión electrónica de moitos dos trámites que oferta a entidade pública local, familiarizándoos coas tecnoloxías da información e da comunicación. O portal do cidadán, e a APP respectiva do mesmo, amplían o catálogo de servizos e recursos que ten a disposición da poboación local e dos visitantes o Concello de Melide, posto que serán servizos a maiores dos propiamente corporativos que figuran na páxina web municipal.

E. Promotora: Concello de Melide

Investimento executado: 14.172,59 €

Axuda: 8.132,23 € (57,38 %)

Executado dun 100% no 2020



Acondicionamento de local para venda de xeados artesáns (Arzúa)




Posta en marcha dun negocio de comercio polo miúdo de xeados artesáns que a empresa promotora, Seixas Indulac SL, elabora no seu municipio de orixe, o concello de Taboada, en Lugo. A empresa está en expansión desde a súa creación, como o demostra o feito de que xa habilitou máis xaderías noutros concellos do Camiño Francés como son Paldas de Rei e Portomarín. Os investimentos incluían: a reforma e obra do local, a adquisición da maquinaria e mobiliario da actividade, estudo de viabilidade e honorarios e a rotulación por un total de 126.000 euros. A situación xerada polo COVID19 fixo que a empresa readaptara o proxecto reducindo o orzamento á metade e minorando o compromiso de emprego subscrito, non obstante, a xadería púxose en marcha, adaptándose ás circunstancias. Dado que é un negocio de comercio polo miúdo, o proxecto debe cumprir o establecido nas normas xerais do GDR Ulla Tambre Mandeo as cales recollen: “*Será subvencionable calquera comercio polo miúdo sempre e cando non exista ningún no concello*”, para acreditarlo achegouse o correspondente certificado do Concello de Arzúa acreditando esta circunstancia.

E. Promotora: Seixas Indulac SL

Investimento executado: 58.336,10 €

Axuda: 11.649,72 € (19,97%)

Executado dun 100% no 2020



Proxecto turístico-gastronómico cultural O Remanso de Cosme (Santiso)


Posta en marcha dun complexo de servizos entre os que se contan: servizo de comida a domicilio, habilitación dunha horta ecolóxica na propia parcela do negocio; exposición e comercio polo miúdo de produción agroalimentaria local e restauración no propio local. Tamén se habilitarán novas infraestruturas para dar servizos auxiliares a: público infantil e familias (parque), poboación local e visitantes a cabalo (amarres para monturas) e en bicicleta (aparcadoiro), así como servizo de acceso a internet e locutorio. Os investimentos inclúen a obra civil de construción do inmovible e a adquisición de equipamento de cociña e mobiliario. O GDR, en función das súas limitacións sectoriais, acepta como subvencionable o importe proporcional ó espazo destinado á exposición e venda de produtos locais e o 50% do orzamento (obra civil e equipamento) destinado a cociña para o servizo de catering.

Promotora: Ana Mouriño Méndez

Investimento aceptado: 70.865,41 € (39% do total)

Axuda: 28.239,87 € (39,85%)

Solicitado un 50% no 2020 mediante anticipo



Parque infantil no entorno da pista multideportiva de A Fraga (Vilasantar)


Novo espazo infantil de xogo no concello de Vilasantar, concretamente, no entorno da piscina municipal co cal ampliar os espazos de socialización dos nenos e nenas de Vilasantar, así como dos que visiten o Concello no verán para desfrutar das instalacións da piscina. O novo espazo conta con equipamento lúdico para o xogo libre ou titorizado. A porcentaxe de axuda obtida pola puntuación do baremo foi do 76,24% sobre o investimento total, a axuda efectiva do Leader quedou reducida a un 30% pola existencia de outra axudas compatible para o mesmo proxecto.

E. Promotora: Concello de Vilasantar

Investimento executado: 32.373,55 €

Axuda: 9.712,07€ (30,00 %)

Executado dun 100% no 2020



Investimento en maquinaria para o aumento da produtividade (Toques)


Adquisición e posta en funcionamento de maquinaria que permitirá un incremento da produción de fundas téxtiles, realizado pola empresa promotora, dun 25%. O investimento componse dunha máquina de ultrasóns e unha máquina de platabandas dedicada ó corte de espumas, pegado, peche con platabandas, etiquetado e empaquetado.

E. Promotora: Espomasa Poliuretanos SL

Investimento executado: 88.000,00 €

Axuda: 28.820,00€ (32,75%)

Executado dun 100% no 2020



Plantación ecolóxica mixta de camelia sinensis e nogueiras (Santiso)

Proxecto agroforestal baseado na posta en marcha dunha plantación mixta de camelia sinensis, para a obtención de té, concretamente o branco e verde, os que precisan menos manipulación e presentan un maior nivel de antioxidantes; e de noces. Ambos produtos se certificarán en ecolóxico ó poñer en marcha estes cultivos nunha parcela abandonada, plantada con eucaliptos nun pasado. Este proxecto, polo tanto, ademais de supoñer a obtención dunha renda secundaria para a promotora, avogada de profesión, supón unha recuperación da terra agraria, pasando dun cultivo foráneo a un aproveitamento sostible a través de especies forestais autóctonas. O investimento inclúe os traballos de preparación do cultivo, a instalación de rego e a adquisición das plantas.

Promotora: Begoña López Martínez

Investimento executado: 10.230,00 €

Axuda: 4.221,92 € (41,98 %)

Executado dun 100% no 2020

